

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 22 DE FEBREIRO DO 2021.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e dous de febreiro do dous mil vinte e un, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Diaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 25 DE XANEIRO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 25 de xaneiro do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.01.2021 AO 16.02.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.01.2021 e o 16.02.2021.

PARTE RESOLUTIVA



3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA. EJERCICIO 2021.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“A Organización Mundial da Saúde elevou o día 11.03.2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 a pandemia internacional.

Para facer fronte a crisis sanitaria foi preciso adoptar medidas inmediatas para poder controlar a propagación da enfermidade, o Goberno da Nación declarou o estado de alarma mediante Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, prorrogado en diversas ocasións, a última mediante Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, que prorrogou o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, quedando establecida a prórroga ata o día 9 de maio de 2021, e quedando sometido as condicións establecidas no Real decreto 926/2020, e nos decretos que no seu caso se adopten.

*Aos efectos de paliar as consecuencias que ten para o sector da Hostalería do Concello de Monforte de Lemos as medidas adoptadas durante o estado de alarma, e para poder adoptar posibles medidas de apoio ao sector por parte do Goberno Municipal **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:*


PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal da **TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA** establecendo a seguinte **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**:*

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Queda suspendida a aplicación da presente Ordenanza fiscal dende o 1 de xaneiro de 2021 e ata o día 30 de xuño de 2021.

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e



presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias manifestando que esta iniciativa a recibe positivamente pero a medias, gustaríalle que fose non so ata o 30 de xuño, senón todo o ano, lembrar que esta iniciativa votouse entre outras no pleno de novembro pasado, víase vir o que se botaba enriba. Valorar positivamente esta proposta. Non sabe o que mudou dende novembro ata hoxe xa que ao goberno votou en contra nese mes. Di que é unha economía circular que afecta a todos. Amosa o seu voto favorable, di que nada impide que sexa todo o 2021 falta vontade, certo é se os negocios pechan non se van recuperar.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que eles van votar a favor porque entenden que efectivamente esta é unha boa maneira de axudar, di que botan en falla que non sexa durante todo o ano 2021, e sobre todo, o que querían era facer un pouco de fincapé na axuda da que se está a falar, estamos falando de que en seis meses se deixarían de recaudar uns cinco mil e picos euros, é relativamente pouco polo orzamento do Concello. Fala da propaganda da Voz de Galicia onde se gastan uns vinte mil euros. Di que este sector leva un ano moi duro e quédanlle anos moi duros.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestan que é suficiente que se pode facer moito máis. Pódese facer con todo o remanente máis exepcions fiscais, están a favor de calquera cousa que axude aos autónomos e empresarios de Monforte, di que xa que están todos de acordo, é o momento de prolongalo todo o ano 2021.

Intervén D^a Gloria Prada da as grazas polas votacións a favor. Fala das axudas que deu este Concello aos autónomos, o diñeiro co que contribuiu o Concello foi moito máis elevado, que cantidade de diñeiro deu a Xunta para os comercios, cando realmente o Concello deu moitísimo máis. Di que teñen que ir pouco a pouco vendo como se desolve a situación da pandemia. Esta previsto outra serie de medidas, insiste claro que son insuficientes, preguntan á Xunta porque motivo eles non axudan con mais cantidade de diñeiro.



Intervén D. Emilio José Sánchez di que non se lles parecen incesariedades senón insuficientes. A Xunta se reclamará o que haxa que reclamarlle, son eles quen es toman a decisións de peches ou non peches. Tdoas as axudas son insuficientes, hai que ter moito de moitas cousas. Hai que valorar outro tipo de axudas aqueles establecementos que non dispoñen de terrazas, pódense sentir discriminados. Aqueles establecementos que non teñan terraza non van poder abrir os bares de Monforte, sería importante valorar isto, o mes de xaneiro e febreiro practicamente non traballaron, di que xa lle reclamaran a Xunta cando teñan que facelo.

Intervén D. Jaime Germán vostedes presentan aquí esta modificación de ordenanza se vostedes quixeran traer aquí unha reclamación á Xunta di que eles votarían a favor, do que presentan eles teñen que ceñirse a eso. O Concello son os que o levan. Se vostedes traen aquí unha modificación da ordenanzas a seis meses, na que entran os que teñen terrazas, os que non as teñen non van entrar. Se vostedes trouxeran que Monforte se queixan de que a Xunta non da axudas, eles votarían a favor. O pleno da Corporación vota, se quere vimos a todos os plenos que vostedes teñen maioría absoluta, di que eles teñen que ser serios e firmes, esas cousas que din non se ciñen á realidade. Di que non lles parece xusto.

Intervén D^a Katherinie Varela di que D^a Gloria reprocha o que fai a Xunta, traen dúas mocións unha relativa ao SAF e outra dos aprques eólicos, se tanto lles preocupa as axudas da Xunta, traían unha moción para instar á Xunta axudas .O Goberno de España está totalmente desaparecido nesta pandemia. O goberno de España decidiu desaparecer e que sexan as Comunidades Autónomas e tomen as decisións, pero a realidade se está totalmente escapando de calquera responsabilidade, cando o goberno non está facendo nada e moi sinxelo culpar á Xunta. Teñen uns minutos para decidir a exención para todo o ano 2021 o que buscan son titulares e propaganda, agora é o momento de facelo para todo o ano.

Intervén D^a Gloria Prada di que ten que coller a hemeroteca porque o Presidente Nuñez Feijoo que empece a gobernar e para todos os cidadans, el quería as competencias pois agora xa as ten, desaparecido está o presidente da Xunta de Galicia. Están falando de competencias en traballo, en educación, en SAF que non as ten o Concello, vostede D. Germán e D^a Katherinie deben unirse para facer as mocións. Di que dóelle que ten un bo xestor, que é o alcalde quen está xestionando o diñeiro do Concello.

Intervén o Sr. Alcalde dille a D^a Katherinie Varela dille que iso de que Pedro Sánchez está desaparecido, vostedes teñen un problema serio psicolóxico, o Sr. Feijoo pedía que lle devolverán as competencias, iso está grabado. Cando un goberna e ten competencias ten que facelo, e os fondos os ten que os ten, quen ten a competencia é o Sr. Feijoo. Di que xa sabe que a D. Germán lle fastidia moito, a maioría dana os cidadáns se vostedes non sabe en non lle gusta o que é a democracia. A proposta que se está debatindo aquí é do Alcalde.



Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- CORRECCION ERROS NO ACORDO DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e Esperta Monforte e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

1º.- O Pleno da Corporación con data 26 de outubro do 2020 prestou aprobación inicial á modificación do Regulamento de abastecemento e saneamento de auga.

2º.- Con data 29 de outubro do 2020 no BOP publicouse anuncio de información pública por un período de trinta días da modificación do Regulamento de abastecemento e saneamento de auga.

3º.- Non habendose presentando alegacións, elevouse a definitivo a modificación do Regulamento de abastecemento e saneamento de auga publicándose o texto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 292

Una vez publicado o texto completo detectouse un erro na redacción derivado de que, durante a elaboración da proposta utilizáronse diversos textos e foi incluído o texto erróneo.

O artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común dispón que "1. Las Administraciones Públicas podrán revocar, mientras no haya transcurrido el plazo de prescripción, sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, ni sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."

Con base no anteriormente exposto PROPOÑO que o Pleno da Corporación adopte o seguinte ACORDO:



Correxir os erros padecidos no acordo do Pleno de data 26 de outubro do 2020, de modificación do Regulamento de Abastecemento e Saneamento de Auga no sentido seguinte:

ONDE DI:

Artigo 8

- No caso dunha vivenda xa existente que, non dispoña de licenza de primeira ocupación, se presentará un documento asinado por técnico competente no que se acredite a antigüidade da vivenda, así como que reúna as necesarias condicións de habitabilidade.

- No caso dunha industria ou comercio, o usuario presentará a licenza municipal de apertura, comunicación previa o xustificante de alta no censo de impostos sobre actividades económicas, de acordo coa normativa de aplicación en cada momento.

- No caso de usos agrarios, gandeiros e forestais o solicitante deberá aportar copia auténtica da ficha de incrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

DEBE DICIR:

- No caso dunha vivenda existente que non dispoña de primeira ocupación, a empresa concesionaria do servizo de auga e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, non lle esixira a licenza de primeira ocupación, para aquelas vivendas cuxa licenza fose solicitada ou concedida antes da entrada en vigor da Lei 18/2008, de 29 de decembro, é dicir, con anterioridade ó 20 de abril de 2009, por aplicación do disposto na Lei 8/2012 de 29 de xuño de Vivenda de Galicia.

- No caso dunha industria ou comercio, o usuario presentará a licenza municipal de obra ou de apertura, comunicación previa ou xustificante de alta no censo de impostos sobre actividades económicas, de acordo coa normativa de aplicación en cada momento, independentemente da antigüidade do local no que se pretende establecer o negocio.

- No caso de usos agrarios, gandeiros ou forestais o solicitante deberá aportar copia auténtica da ficha de inscrición no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, podendo solicitar o servizo de subministro de auga para a vivenda ligada á explotación, para as naves de gando ou outras instalacións anexas que complementen a actividade agropecuaria da que se trate.

ONDE DI:

Artigo 14



1. Usos domésticos. Son aqueles nos que a auga se utilizar exclusivamente para atender necesidades primarias da vida tales como limpeza, preparación de alimentos e hixiene personal.

DEBE DICIR

1. Usos domésticos. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida tales como limpeza, preparación de alimentos e hixiene personal.”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

5º.- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE SOBRE TITULARIDADE DE FRANXA DE TERREO COLINDANTE COA RÚA CHANTADA, A SOLICITUDE DE Dª VENERANDA CELSA FERNÁNDEZ TROITIÑO.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Con data 10 de febreiro do 2021 o Secretario Xeral emitiu o seguinte informe que se transcribe:

“FEITOS

1º.-Con data 28 de novembro do 2019 Dª Veneranda Celsa Fernández Troitiño presenta escrito no que solicita que por parte do Concello sexa revisado erro segundo consta na documentación que adxunta en relación á finca da súa propiedade.

2º.- Con data 16.08.2020 Dª Veneranda Celsa Fernández Troitiño remite a documentación presentada na Xerencia do Catastro de Lugo, ao obxecto de que se corrixa erro catastral na finca da súa propiedade.

3º.-Na consulta realizada polo Catastro no procedemento sinalado no punto anterior figura “Los caminos públicos están en el inventario de bienes municipales (artículos 3.1 y 20.G del Decreto 1372/86, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales), por lo que para eliminar de la cartografía catastral el camino público citado en su solicitud, deberá aportar certificado del Ayuntamiento de Monforte que indique que el camino no está en el inventario de bienes municipales”.



4º. Ao citado asunto se acompaña nota simple informativa do Rexistro da Propiedade no que acredita que a finca se atopa libre de cargas. Igualmente, acompáñase escritura de compra venda na que na parte expositiva na que se refire aos lindes sinala “Terreno de labradío e inculto al nombramiento de “Agra del Barreal” de cinco ferrados, siete cuartales y cuartillo y medio, equivalentes a veintinueve áreas una centiárea, lindante: Norte, carretera de Escairón y terrenos de herederos de Camila Morais, Pío Porto y Amadeo López Torres; Oeste, Eliseo Rodríguez; Sur, Pedro Martínez Vázquez y Eusebio Sánchez; Este, José López Torres”.

5º.- O Aparellador Municipal con data 18.08.2020 emite informe, que literalmente di o seguinte:

“Por Dª. Veneranda Celsa Fernández Troitiño se presenta escrito en el que manifiesta que la parcela de referencia catastral 1491078PH2019S00000S, que es de su propiedad, se encuentra mal catastrada porque el catastro ha considerado como camino público el espacio que comunica la Calle Chantada con la parcela citada, cuando en realidad, según ella, se trata de un espacio que es privado y de su propiedad. El escrito se acompaña de diversa documentación. Mi informe es el siguiente:

Entre la documentación que presenta la interesada consta una escritura de compraventa de fecha 31 de mayo de 1961 en la que los cónyuges D. Marcelino Castro Mourelle y Dª Celsa Fernández Troitiño compran a D. Manuel Rodríguez Rodríguez una parcela que se describe así:

“Terreno a labradío e inculto al nombramiento de “Agra del Barreal”, de veintiún áreas sesenta y un centiáreas de mensura aproximada, lindante: Norte, con la carretera de Escairón **-en línea de unos dos metros-** y terrenos de herederos de Camila Morais, Pío Porto y Mercedes López Torres; Este, José López Torres; Sur, Pedro Martínez Vázquez y Eusebio Sánchez; Oeste, la finca anterior. Radica en términos de esta ciudad.”

Tal como se describe la parcela, su colindancia en línea de unos dos metros con la carretera de Escairón, hoy Calle Chantada, parece confirmar que, efectivamente, lo que hoy el catastro considera como camino, es decir, el espacio que comunica la parcela con la Calle Chantada (se puede ver en la cartografía catastral), se trata de un espacio privado que pertenece a la parcela de la interesada y en esto consiste su pretensión.

Por otra parte, a este espacio que comunica la Calle Chantada con la parcela y que se reivindica como privado, dan frente los laterales de dos inmuebles, uno a cada lado, con referencias catastrales 1491016PH2019S0001TD el de la izquierda y



1491014PH2019S0001PD el de la derecha. Este último inmueble tiene ventanas hacia el espacio en cuestión y también un portalón.

A la vista de lo anterior se estima que, antes de tomar una decisión definitiva sobre el carácter del espacio que se reclama, debe darse audiencia en el expediente a los titulares de los dos inmuebles a los que se ha hecho referencia, con objeto de que manifiesten lo que estimen pertinente.

Como titulares catastrales figuran los siguientes: del inmueble 1491016PH2019S0001TD- D. Eliseo Varela Domínguez con domicilio en Calle Chantada nº 119 de esta ciudad; del inmueble 1491014PH2019S0001PD- D^a. María Teresa Rois Varela con domicilio en AV. Portugal nº 46-2º-32002-Ourense.”

6º.- Na Xunta de Goberno Local de data 24 de agosto do 2020 adoptouse acordo de conceder ramiante de audiencia “no expediente aos titulares catatrais dos inmobles de referencias 1491016PH2019S0001TD- D. Eliseo Varela Domínguez con domicilio en Calle Chantada nº 119 de esta ciudad; del inmueble 1491014PH2019S0001PD- D^a. María Teresa Rois Varela con domicilio en AV. Portugal nº 46-2º-32002-Ourense.”.

*7º.- Con data 11.09.2020 D^a Teresa Rois Varela como titular catastral da finca 1491014PH2019S00001PD presenta alegacións na que fai constar “Que el terreno por el transcurre el camino objeto del presente expedinete, es de titularidad privada
....*

8º.- Una vez chegado ao punto da tramitación púidose identificar a existencia dun colindante, ao que non fixo referencia no informe do Aparellador de data 18.08.2020, polo que procedeuse á concesión do trámite de audiencia a D. José Carlos López Valcarcel mediante un anuncio no Boletín Oficial do Estado, Tablón Edictal Unico, debido a que non se puido realizar a notificación segundo consta na documentación obrante no expediente.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

O artigo 9 da RD 1372/1986, de 13 xuño no que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais sinala:

“1. Las Entidades locales tendrán capacidad jurídica plena para adquirir y poseer bienes de todas las clases y ejercitar las acciones y recursos procedentes en defensa de su patrimonio.

2. Las Entidades locales tienen la obligación de ejercer las acciones necesarias para la defensa de sus bienes y derechos.



3. Los acuerdos para el ejercicio de acciones necesarias para la defensa de los bienes y derechos de las Entidades locales deberán adoptarse previo dictamen del secretario, o, en su caso, de la Asesoría Jurídica y, en defecto de ambos, de un Letrado”.

Con base no anteriormente exposto, procede a xuízo do que subscribe se adopte o seguinte ACORDO:

Unico.- Declarar que a franxa de terreo que se atopa colindante coa finca de referencia catastral 1491078PH2019S00000S e que no catastro considérase como camiño público, non é de titularidade municipal e que, dacordo co exposto no informe do Aparellador municipal de data 18.08.2020, “su colindancia en línea de unos dos metros con la carretera de Escairón, hoy Calle Chantada, parece confirmar que, efectivamente, lo que hoy el catastro considera como camino, es decir, el espacio que comunica la parcela con la Calle Chantada, se trata de un espacio privado que pertenece a la parcela de la interesada y en esto consiste su pretensión”.

Polo que vai dito, e en base ao informe, proponse que o Pleno do Concello adopte o seguinte ACORDO:


Declarar que a franxa de terreo que se atopa colindante coa finca de referencia catastral 1491078PH2019S00000S e que no catastro considérase como camiño público, non é de titularidade municipal e que, dacordo co exposto no informe do Aparellador municipal de data 18.08.2020, “su colindancia en línea de unos dos metros con la carretera de Escairón, hoy Calle Chantada, parece confirmar que, efectivamente, lo que hoy el catastro considera como camino, es decir, el espacio que comunica la parcela con la Calle Chantada, se trata de un espacio privado que pertenece a la parcela de la interesada y en esto consiste su pretensión”.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles van votan a favor en base á documentación que lle facilitaron en Secretaría basándose no informe.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles basándose no que di o informe do Secretario van votar a favor.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

6º.- RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZOS NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN NOS EXPEDIENTES FEDER –EELL-2020/004095 E FEDER-EELL-2020/004119.



O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto.

Transcríbese o decreto da Alcaldía:

“Visto el artículo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, que en el apartado q) atribuye al Alcalde-Presidente de la Corporación aprobar los gastos y los pagos de la Corporación.

Vista la Resolución de Alcaldía de 17 de junio de 2019, por la que el Sr. Alcalde-Presidente del Concello de Monforte delega en la Xunta de Gobierno Local la competencia de aprobación de gastos y facturas y de propuestas de gasto.

Visto el artículo 10 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público que dispone “1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente.

En los supuestos de delegación de competencias en órganos no dependientes jerárquicamente, el conocimiento de un asunto podrá ser avocado únicamente por el órgano delegante.

2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acuerdo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento, si los hubiere, con anterioridad o simultáneamente a la resolución final que se dicte.

Contra el acuerdo de avocación no cabrá recurso, aunque podrá impugnarse en el que, en su caso, se interponga contra la resolución del procedimiento.”

Vista propuesta de APROBACIÓN DE SOLICITUD DE PRÓRROGA EN EL PLAZO DE ACREDITACIÓN DE LA INICIACION DE LOS PROCEDIMIENTOS DE CONTRATACIÓN en el expediente de subvención según la resolución de concesión al amparo del Real Decreto 616/2017 de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020, expediente FEDER-EELL-2020-004095 y expediente FEDER-EELL-2020-004119.

“ANTECEDENTES:

Primero.-Real Decreto 616/2017 de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020.



Segundo.-Solicitud formulada por el Concello de Monforte de Lemos, en fecha 10.03.2020 e 13.03.2020, respectivamente.

Tercero.-Resolución de Concesión la ayuda por importe de 1.445.119,94 € al amparo de lo establecido en el Real Decreto 616/2017, con fecha de 04.09.2020 (NRS 202000006864), concesión ayuda por importe de 1.243.968,57 € al amparo de lo establecido en el Real Decreto 616/2017, con fecha de 08.09.2020 (NRS 202000006980).

CONSIDERACIONES:

El apartado 1ºd.i) de la Resolución de la ayuda favorable al Concello, señalada en el antecedente tercero, indica "En un plazo máximo de (6) seis meses desde la notificación de la resolución de concesión de ayuda, el beneficiario deberá acreditar haber iniciado la tramitación de los procedimientos de contratación de los suministros, obras y servicios necesarios para la ejecución de las actuaciones, o aquellas otras acciones precisas para cumplir con los plazos de ejecución previstos en el proyecto".

Dado la complejidad en la preparación de la documentación técnica necesaria para la ejecución de las actuaciones subvencionadas, derivada de la gran extensión superficial que abarcan los necesarios trabalos de campo y de la dispersión de los núcleos a incluir en los proyectos, el plazo concedido para la iniciación del expediente no resultará posiblemente suficiente para poder disponer da dicha documentación.

Por lo expuesto, se PROPONE:

Solicitar la concesión de una prórroga de TRES MESES, adicional a los seis meses de plazo inicial para acreditar la iniciación de los procedimientos de contratación.."

Puesto que uno de los principios de la actuación del Concello es la eficacia administrativa, y en este caso visto el plazo para la presentación de documentación para la solicitud propuesta,

RESUELVO:

Primeiro: Aprobar la solicitud de concesión de una prórroga de TRES MESES, adicional a los seis meses de plazo inicial para acreditar la iniciación de los procedimientos de contratación del expediente FEDER-EELL-2020-004095 y del expediente FEDER-EELL-2020-004119.

Segundo: Dar traslado del presente acuerdo al IDAE.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que lle chama a atención que veña ao pleno a prórroga desta subvención. Gracias á Unión Europea se poden disfrutar deses fondos, non se descuiden e preparen eses proxectos.



Intervén o Sr. Alcalde dicidno que non se vai perder o diñeiro, hai dous proxectos. Un dos proxectos está xa no Concello e o outro o van entregar esta semana.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

7º.- APROBACIÓN DA CUARTA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS. RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOÓ.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 11 de febreiro do 2021, con base en:

I. Que en data 20 de setembro de 2017 otorgouse Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, posta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado “Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo”.

II. Que en data 29 de decembro de 2017 (BOE núm. 41 de 15 de febreiro de 2018), otorgouse a primeira Modificación ao citado convenio co obxecto de adaptar o número de anualidades e a distribución das aportacións dinerarias que a Deputación de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. deberían realizar.

III. Que na citada modificación se preveía a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2021 e estimábase que a execución das actuacións desenvolveríase durante as anualidades 2018, 2019 e 2020.

IV.- Que en data 28 de setembro do 2020 aprobouse a terceira adenda modificativa do convenio coa Confederación Hidrográfica e a Deputación provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a financiación, execución e entrega das obras do proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo.

V. Que conforme ao establecido no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser

Pleno ordinario 22.02.2021



superior a catro anos e, en calquera caso momento antes da finalización do prazo previsto, os firmantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción, polo que en data 2 de decembro de 2019, (BOE número 13, de 15 de xaneiro de 2020) outorgouse a segunda adenda ao convenio pola que se prorrogaba a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2022 e se reaxustaan os importes previstos para as anualidades.

VI. Que conforme ao establecido Cláusula quinta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que, sexa necesario acomodar a financiación á execución das actuacións obxecto do Convenio.

VII. Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

VIII. Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ó estado das actuacións obxecto do Convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, conforme ó establecido na Cláusula Quinta do Convenio, polo que procede modificar as aportacións económicas, para a boa marcha e execución do Convenio, así como prorrogar a vixencia do Convenio.

IX. Esta modificación se efectuará respectando en todos os seus termos tantos os compromisos de financiación do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:

a.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	TOTAL
2018	47.190,00
2019	0,00
2020	252.132,92
2021	1.100.677,08
	1.400.000,00



A presente adenda de modificación resultará eficaz trala publicación no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a Cuarta Adenda ó Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de modificar os importes das anualidades vixentes, sen modificar o importe total da actuación nin os compromisos de financiación establecidos.

<i>Aportaciones cofinanciadores</i>				
	<i>Efectuadas a fecha 01/02/2021</i>	<i>Importe máximo pendiente</i>	<i>Totales previstas convenio</i>	
<i>CHMS</i>	<i>106.888,25</i>	<i>393.111,75</i>	<i>500.000</i>	
<i>DP LUGO</i>	<i>313.714,57</i>	<i>186,285,43</i>	<i>500.000</i>	
<i>AYUNTAMIENTO MONFORTE</i>	<i>270.988,23</i>	<i>129.011,77</i>	<i>400.000</i>	
<i>TOTAL</i>	<i>691.591,05</i>	<i>708.408,95</i>	<i>1.400.000,00</i>	

Non se producen intervencions.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría cos trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e catro abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular.

8º.- BONIFICACIÓN DO 30% NA COTA DO ICIO, SOLICITADA POR D. EVARISTO LEMOS PÉREZ.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“VISTO que na data de 20.10.2020 (21449) LEMOS PEREZ EVARISTO (38544278G) presenta solicitude de aplicación de bonificación do 30% na contía do imposto sobre construcións, instalacións e obras en relación a licenza de obras concedida na data de 31.08.2019, licenza nº 230/2020, para obras de rehabilitación integral do inmovible (“Casa Lemos”) no Campo de San Antonio nº11 .

Pleno ordinario 22.02.2021



Vista a liquidación emitida polo concepto do imposto sobre construcións, instalacións de acordo co seguinte detalle:

<i>NIF</i>	<i>SUXEITO PASIVO</i>	<i>DESCRIPCION OBRAS</i>	<i>LIQUIDACION</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>D.COBRRO</i>
38544278G	LEMOS PEREZ EVARISTO	OBRAS CAMPO DE SAN ANTONIO, 0011 - LICENZA OBRAS 230/2020- XGL 31.08.2020	2020/678805	5.650,88€	13/11/2020

VISTO que a bonificación atópase regulada no artigo 7.a) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, en virtude do establecido no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

VISTO o informe emitido pola Oficina Municipal de Rehabilitación que establece que as anteriores obras están incluídas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

VISTO o Informe da Técnica de administración xeral e da Tesoureira.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN

PRIMERO.- *Declarar de especial interese ou utilidade pública das devanditas obras realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.*

SEGUNDO.- *Conceder a bonificación do 30% na cota do imposto de sobre construcións, instalacións e obras.*

TERCEIRO.- *Acordar devolver o importe de **1.695,26€** polo concepto da bonificación do 30% na cota do Imposto de sobre construcións, instalacións e obras:*

<i>NIF</i>	<i>SUXEITO PASIVO</i>	<i>DESCRIPCION OBRAS</i>	<i>LIQUIDACION</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>BONIFI 30%</i>
38544278G	LEMOS PEREZ EVARISTO	OBRAS CAMPO DE SAN ANTONIO, 0011 - LICENZA OBRAS 230/2020- XGL 31.08.2020	2020/678805	5.650,88€	1.695,26€

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

9º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO. EJERCICIO 2021.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Pleno ordinario 22.02.2021



Transcríbese a proposta da alcaldía:

“A Resolución de 26.01.2021 da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda fixo público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o exercicio 2021, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal e xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama), no importe de 69,83€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

Así mesmo estableceu unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10%. Establecéndose así un canon bonificado en 62,93€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

O devandito canon é de aplicación a aquelas entidades locais que cumpriron as condicións específicas establecidas no punto tres bis da disposición adicional vixésima primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, de trasladar o importe equivalente á modificación do canon aos usuarios e adoptar medidas para procurar unha redución de residuos con medidas de fomento da recollida selectiva, para a prevención de lixo convencional ou de fomento da reciclaxe.

Visto o informe emitido pola **INTERVENCIÓN** segundo o cal a diminución no importe do gasto relativo ao tratamento de residuos sólidos urbanos en relación ao repercutido aos beneficiarios do servizo polo concepto da TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO, supón unha porcentaxe do 4,73% **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal **REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO** quedando redactada do seguinte xeito:

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRICIÓN	€/BIMESTRE	€/BIMESTRE
	1º-2ºBIM 2021	3º-6ºBIM 2021
Vivendas		
Zona Urbana	12,87 €	11,96 €
Zona Rural	6,45 €	5,99 €
Actividades		
Locais sen actividade	12,87 €	11,96 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares		



No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677

<i>Ata 20 m²</i>	<i>30,03 €</i>	<i>27,90 €</i>
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	<i>45,06 €</i>	<i>41,86 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>60,08 €</i>	<i>55,82 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>90,11 €</i>	<i>83,72 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>135,16 €</i>	<i>125,57 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>75,08 €</i>	<i>69,75 €</i>

Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969

<i>Ata 100 m²</i>	<i>46,34 €</i>	<i>43,05 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>69,52 €</i>	<i>64,59 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>115,86 €</i>	<i>107,64 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>162,21 €</i>	<i>150,70 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>92,69 €</i>	<i>86,11 €</i>

Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662

<i>Ata 20 m²</i>	<i>36,04 €</i>	<i>33,48 €</i>
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	<i>54,06 €</i>	<i>50,22 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>72,09 €</i>	<i>66,98 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>108,13 €</i>	<i>100,46 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>162,20 €</i>	<i>150,69 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>90,11 €</i>	<i>83,72 €</i>

Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares


No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951

Con servizo de restaurante, bar ou cafetería

<i>Ata 100 m²</i>	<i>19,83 €</i>	<i>18,42 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>29,74 €</i>	<i>27,63 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>49,56 €</i>	<i>46,04 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>69,38 €</i>	<i>64,46 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>36,94 €</i>	<i>34,32 €</i>

Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería

<i>Ata 100 m²</i>	<i>18,02 €</i>	<i>16,74 €</i>
------------------------------	----------------	----------------



SECRETARIA

<i>De 101 m² a 200 m²</i>	27,03 €	25,11 €
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	45,06 €	41,86 €
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	63,07 €	58,60 €
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	36,04 €	33,48 €

Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699

Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436

<i>Ata 20 m²</i>	24,03 €	22,33 €
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	36,04 €	33,48 €
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	48,05 €	44,64 €
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	72,09 €	66,98 €
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	108,13 €	100,46 €
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	60,08 €	55,82 €

Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615, 616, - Epígrafes 6171, 6172, 6173, 6175, 6176, 6177, 6178, 6179

Grupos 618, 619, 621, 622, 623, 631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657, 659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76

División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942, 943, 944, 945, 952, 961, 962, 963, 964, 966, 967, 968, 971, 972, 973, 974, 975, 979, 981, 982, 983, 989, 991, 999

<i>Ata 20 m²</i>	17,15 €	15,93 €
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	25,72 €	23,90 €
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	34,30 €	31,87 €
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	51,45 €	47,80 €
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	77,17 €	71,69 €
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	42,87 €	39,83 €

Outras actividades non tarifadas expresamente

<i>Ata 20 m²</i>	17,15 €	15,93 €
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	25,72 €	23,90 €
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	34,30 €	31,87 €
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	51,45 €	47,80 €
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	77,17 €	71,69 €
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	42,87 €	39,83 €

Profesionais e artistas

Sección 2ª e 3ª



A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación para o exercicio 2022 e seguintes as tarifas anteriores a devandita modificación, mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez di que traballar en materia de medio ambiente trae estas modificacións. Di que se insistiu máis dunha vez da necesidade de implantar ese sistema de compostaxe comunitaria alí onde fose posible. Di que hai que ir pensando en facelo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Concello de Monforte ten repartido moitos compostores e banse repartir máis.



Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO UN NOVO MODELO EÓLICO INTEGRAL.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Instando ó Goberno da Xunta á elaborar un novo modelo eólico integral, contando coa participación de todos os sectores implicados, co obxectivo de democratizar o sistema, comezando por actualizar o Plan Sectorial Eólico do 1997 ó século XXI, e que debe conter as seguintes propostas:

. No ámbito económico:

- Establecer os tipos de gravame nos máximos permitidos para os impostos de xestión municipal vinculados coa actividade eólica.
- Establecer no canon eólico e no Fondo de Compensación Ambiental que o canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico, utilizando a recadación íntegra para actuar sobre melloras nos Concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos ditos parques.
- Introducción de protocolos de intercambio de información cos actores locais para maximizar o impacto económico no territorio afectado.

. No ámbito da transparencia e participación

- Establecer un modelo e “contrato tipo” para favorecer a transparencia e garantías dos propietarios rurais.
- Fomentar dende a administración autonómica, fórmulas de negociación previa entre promotor e propietario, previas a un posible inicio de procedemento expropiatorio, co obxectivo de favorecer unha negociación equilibrada.
- Crear unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico.
- Creación dunha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental, para Concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento de actividade eólica no seu territorio.

. No ámbito patrimonial e medioambiental:

- Reforzar as garantías patrimoniais e medioambientais dos territorios afectados pola instalación de novos parques eólicos, liñas de evacuación ou a repotenciación dos parques existentes, con especial atención á protección do territorio pertencente á Rede Natura e as súas futuras expansións, impedindo, en todo caso, o fraccionamento de proxectos de parques eólicos que se está a producir na nosa comunidade en vulneración da lexislación vixente.



- Implementar mecanismos de información e asesoramento medioambiental para as comunidades afectadas pola implantación de parques eólicos.
- . No ámbito de planificación, en coordinación co Goberno do Estado:
 - Propoñer o deseño de figuras específicas para o fomento de parques eólicos comunitarios, reservando unha bolsa de MW anuais para a súa posta en marcha.
 - Estudar a recuperación da figura dos parques eólicos singulares ou outra figura similar de propiedade pública municipal”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Miguel Tomé Lópz di que lles sorprende o pouco interés que amosan o PP e Esperta. Da lectura a moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que é un tema que require pararse un pouco, é certo que hai que demandar un novo Plan Eólico na Xunta de Galicia. Ten que recoñecer que nos últimos días púxose ao tanto do tema. Di que dende o BNG ten presentado iniciativas nos concelleiros semellantes a estas. Di que eles non están en contra deste, favorecen as enerxías renovables, pero non a calquera prezo e iso estase facendo así a xente non sabe o que xenera hai que ver o impacto ambiental que ten, levar esas ferramentas ao monte as liñas de verquido onde van. Soamente nos espazos de rede natura non se podería ampliar porque van estar xestionados por estes parques eólicos, o impacto ambiental é terrorífico. Hai que apostar polas enerxías renovables pero non a calquera prezo, explicarlle á xente perfectamente o que é, se se lles explica ben polo miúdo ao mellor a apreciación da realidade é distinta. Di que eles van votar a favor desta iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar a favor porque neste caso, van intentar apoiar para que cambien, entre outras cousas piden transparencia, que repercuta nos propietarios do chan, non se pode escudar para a declaración de titularidade pública. Di que se está a falar de empresas doutros países que van instalar miúños preto da Rede Natura. Quere aclarar di que él o único que dixo foi que non é que non interese este tema, di que lles preocupa todo o que se traía aos plenos.

Intervén D^a Katherinie Varela dille a D. Miguel Tomé di que eles nunca din que non lle interesen o sector eólico. O que din no principio do Pleno, que na xunta de Galicia non colabora cos pequenos autónomos, en vez de traer a moción na que se lle esixa á Xunta máis aportacións. Din na súa moción que hai unha inseguridade xurídica, di que existe unha lei 6/2009 e ademais hai un marco normativa estatal. Esta formada a expropiación forzosa, de feito vostedes para poder facer o famoso parque do hospital teñen que expropiar. Lei 24/2013 do Sector Eléctrico polo que se regule a actividade de produción e enerxía eléctrica, dentro do Plan Nacional do Goberno que é o Plan Nacional Integrado etamos ante un goberno que quere defender as enerxías renovables pero vostedes veñen a dicir que se está a facendo mal. O modelo da xunta o que aboga é impulsar este tipo de industria eólica, sempre que sexa compatible coas demais actividades, sector forestal e primario. O artigo 32 da lei 8/2009 , na normativa vixente si que se preocupa haxa unha protección do medio ambiente, tanto Concellos como comunidades poñan en marcha un parque eólico. Despois de estudar este asunto se está facendo todo o que vostedes piden,



que non haxan un impacto gravoso para o medio ambiente, as parte implicadas non teñen perxuízo económico, en canto á tramitación administrativa, realizase con todas garantías xurídicas, técnicas e ambientais. O que é verdade e se estamos todos de cara a fomentar estas enerxías renovables e favorecer o medio ambiente, hai que ir todos a unha.

Intervén D. Miguel Tomé di que lle alegra escoitar. Dille a D^a Katherinie di que hai normativa de protexer pero non se cumpre. Monte do Iribio na montaña de Lugo en tRiascastela ese parque tiña varios tipos de catalogacións do seu chan, houbo que páralo TSXG, sentenza do 15 de decembro, (da lectura á sentenza). Algo se fixo mal. Non é sosamente onde se poden os muiños, afecta ás liñas de baixa tensión, a cota do parque de Paradela, hai cotas en Monforte máis altas. Tamén houbo un problema en Mondoñedo, normativa haina hai que cumprila e repectala, o que fan as empresas é acudir cun papeliño para que lle firmen nas casas nas aldeas.

Intervén D. Emilio Sánchez fala das portas xiratorias, quere dicir eso o que conleva. Di que el entende que ten que defender ao Partido Popular na Xunta. Dende a Xunta de Galicia o que se está facendo é o abandono sistemático do rural, claro que xenera cartos, despois teñen os problemas o que viven no entorno rural, cando lle ofrecen cartos, non hai traballo. Di que eles non están en contra das enerxías renovables. Non é dicir o non polo non hai que argumentalo, as cousas teñen que ser ordenadas, esta lei debese modificar e paralizar nalgún caso, di que eles van apoiar esta moción.

Intervén D^a Katherinie Varela di que o tema é importante van votar e ncontra porque o piden xa se está facendo , senón se cumpre a norma haberá que ir ao poder xudicial, para controlar. Di que se está facendo un bo traballo, na cuestión dos parque eólicos non consideran que a norma estea mal, di que se esta a facer xa o que piden.

Intervén D. Miguel Tomé di que o sistema xudicial todo o mundo a ten aberta, quizási é un pouco descoñecemento do que etamos falando, no ámbito reural ao ter pouca información, os gandeiros e agricultores non len o DOG, os Concellos se lle podería falar de varios, non dan toda a información ata que teñen o tema atado, un gandeiro o que quere é non meterse en problemas, non están pensando en gastar eses cartos en pedir asesoramento, se aproveitan desa boa fe. Di que é unha moción impositiva. Agradece a votación a favor de apoio á iniaciativa.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e Grupo Mixto e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO O INCREMENTO DAS ACHEGAS DA XUNTA DE GALICIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

Pleno ordinario 22.02.2021



“1 . O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en base as competencias en servizos sociais que corresponden a administración autonómica, insta á Xunta de Galicia a incrementar as achegas para cubrir os custes do Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como que se proceda a eliminación do copago dos usuarios, que será asumido pola Administración Autonómica.

2. Que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar que é da súa competencia e que xestionan os Concellos, que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo.

3. Dar traslado do acordo aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia. “


De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria Prada di que nesta moción vai ser para reclamar á Xunta. Da lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que este é un tema que dende o BNG xa no Parlamento de Galicia xa se fixo algo parecido. Fala dos tipos de coidados e o horario do servizo, a posición do BNG dende o servizo no fogar así como o sistema de residencias é outro modelo distinto do que ten a Xunta de Galicia. Fala de fortalecer ese servizo e melloralo na medida do posible. Di que van apoiar esta iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu voto a favor, proquer entende que é importantísimo, di que eles queren ir ao fondo desto, porque cargouse co tema do reparto dos medicamentos, da comida, coas axudas para cubrir necesidades básicas, tivose o tema do peche dos centros de día, que afectou moito, porque moita desa xente tivo problemas para esa axuda a domicilio. Parécelles lóxico e ben que a Xunta teña a ben axudar aos Concellos, o viron cunha iniciativa que o levaron ao pleno, co tema da limpeza dos colexios, estase a falar moitísimo cartos están indo para iso cando á Xunta de Galicia aportáronlle cartos para isto e teñen que aportarllo aos Concellos.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles non poden votar en contra cando son temas tan sensibles, é algo que redunda nos cidadáns de forma moi directa. Di que lle parece todo demagogía. Chámalle a atención que dende que entraron nesta corporación municipal, parece que teñen o mesmo discurso, parece que nada era competencia do Concello. Na lei 3/2011 dos Servizos Sociais de Galicia, os Concellos non están exentos de responsabilidade neste tipo de materia o SAF é servizo público de titularidade municipal, e algo que teñen que colaborar as dúas administracións, porque non o fan cos cartos que teñen de remanente, o goberno central aprobou que os Concellos puideran utilizar o remanente, ese remanente non é para construír unha ponte, o remanente é para que Monforte non se vaia a pique. Vostedes que queren facer co remanente? A Xunta que lle pague. A Administración local é a que está máis preto dos cidadáns por eso mesmo xestións este servizo, que lle cargue todo á Xunta cando a propia norma di que teñen que ser as dúas administracións. A xunta coa Fegamp ten un compromiso de aumentar as horas. O 80% do presuposto da Xunta vai para Servizos Sociais, para Sanidade e Educación. Todo é benvido, di que eles non van votar en contra dunha iniciativa, entende



que hai servizos esenciais, a xunta incrementou un 10% no 2021, e por outra banda, que non lle esixan ao goberno central máis axudas no tema da dependencia, seguen con ese discurso do malo que o PP gobernando na Xunta, di que en vez de tanto atacar deberían facer actuacións de goberno para os cidadáns de Monforte, non desvíen para o mal que o fai a Xunta.

Intervén D^a Gloria Prada di que a Constitución Española do 78 atribúe a competencia das comunidades 142.20 correspondente aos servizos Sociais, a lei que regula os servizos osciais de Galicia trabviue de competencias as entidades locais de titularidade autonómica deberá ir acompañdo de transferencias dos medios económicos e persoas que resulten necesarios. Di que non é que o Concello non teñan responsabilidade, hai dúas clases de SAF o básico e o dependencia, a dependencia ten que ser única e exclusivamente da Xunta, a Xunta non da o que realmente lle corresponde. A Xunta soamente da o coste de dúas traballadoras Sociais, a auxiliar administrativo a paga o Concello, as educadoras Sociais, soamente hai unha e a paga o Concello a psicóloga pasa o mesmo, non poden dicir que non se teñen responsabilidades. Dique os Concellos rexistraron un aumento de usuarios demandantes de axudas nos servzios Sociais, que requiren axudas básicas de emerxencias que as outorga o Concello directamente, non a Xunta de Galicia.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez reitera o seu voto a favor, non sabe porque ten que dicir aquí mal que lle pesa, o da maioría absoluta, di que el ben aquí despois dunha votación na que se debate o que se vai a votar, el ven como voceiro fai ou le moitas das mocións, e despois vota, non pensa que D^a Gloria faga todas estas cousas.

Intervén D^a Gloria Prada di que se ten que ceñirse que os servizos Sociais é un tema moi delicado, di que se ten un abandono total da Xunta, o SAF se paga o Concello cunha axuda da Deputación, que fagan a aportación que realmente lle corresponde.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

12º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PLAN 10% DO NOSO REMANENTE.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor de D. Jaime Germán Vázquez Pérez e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Transcríbese a proposta da moción:

“. Apoiar e aprobar esta moción.

. Executala canto antes.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura a súa moción presentada.




Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias di que eles comparten parte desta iniciativa se vostede na moción diferencia ben a aprte expositiva como dispositiva, se se vai votar o que enuncia a moción en sí, empregar o remanente na recuperación económica de Monforte, pero si se mantén tal como está non. Di que moitas destas iniciativas as levan facendo, pero hai cousas, apropias se contradí. A creación dunha mesa sectorial, de aí é donde se van ou donde axudar a sectores ou a outros. Di que esta de acordo se hai unha asociación, sendo contrario ás subvecións nominativas, se o CCU 60.000,00 € en tres anos, pero terían que xustificar que cheguen ao mellor poden facerse estas ou poden quedarse cortas. O taxi a demanda xa no pasado pleno xa o trouxeron no anterior pleno, di que queren que dure, triplicar as festas as parroquias, hai que ser serios nestas iniciativas. Que o remanente chegue a hostelería parécelle ben.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles veñen denunciando ao longo destes meses dicindo que se hai un remanente ten que repercutir máis nos cidadáns parécellen ben estas iniciativas, é certo que hai que pagar impostos para conseguir que haxa servizos públicos para os cidadáns. Fala do IBI que é esaxerado, tamén é verdade que gracias a iso que este rexidor non baixou hai un remanente importante de cartos, por iso é importante que se axude á xente. Di que a moción é demasiado xenérica, pero parécelle ben que ese 10% do remanente vaia directamente aos cidadáns.

Intervén o Sr. Alcalde di que non o aprobou o goberno de España o aprobou o Congreso dos Diputados.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D. Germán que non sabe se teñen un organigrama moi xustificado de actuación, pero vostedes é o que fala aquí e é o que fai a moción. Di que el diríxise ao voceiro. Di que esta proposta é excesiva, pero en ningún momento ve que se recoñeza o que fixo este Concello para axudar á poboación monfortina dende o inicio da pandemia, di que foi unha das primeiras cidades case un millón de euros destinados a hostelería, empresas, autónomos, parécelle que non lle gusta que se fale da Xunta de Galicia, fala do abandono deste Concello e de toda Galicia. A Xunta de Galicia concedeu subvecións moi reducidas e o fixo no mes de novembro do 2020 case oito meses despois do inicio da pandemia, e soamente para a hostelería, olvidando aos demais sectores económicos. Di que é unha administración que sempre chega tarde. Este alcalde ademais das axudas directas, suprimiu as taxas do conservatorio, da piscina municipal, etc. Este tgoberno si pensa nas persoas e poñe por riba de todo ás persoas. Fala de axudas que este Concello ten previsto conceder. Fala de populismo desmesurado na súa moción.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que o querían deixar claro que en ningún momento dixeron que lles parecían insuficientes das axudas do Concello, di



que están falando de axudas sexan dunha maneira e se puideran ser doutra, o que queren e que se deran as axudas, esta parecíalle unha boa maneira de inicialo, di que entenden cales son as prioridades do equipo de goberno, pero non lles parece mal e tamén din que a Xunta de Galicia chega tarde, non sabe porque esa fixación ese tema da Xunta pero tampouco se pode dicir que o Concello o está facendo perfectamente.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias se se fai o enunciado de votar o 10% do remanente para recuperar a economía de Monforte, pero si está como está votaran en contra. Di que non todos os hostaleiros non está no CCU e na Asociación de comerciantes. A iniciativa tal e como está van votar en contra, invertir o 10% do remanente na recuepración socioeconómica, non tal como está nese reparto, ten que chegar a poboación.

Intervén D^a Katherinie Varela sinala que efectivamente o Congreso dos Disputados aprobou a prórroga pero o estado de alarma o aprobou o Goberno. Di que están todo o tempo se a xunta aporta ou aporta, fala dunha nota de prensa do 26 de xaneiro que di que a Xunta as primeiras axudas 650 euros á hostelería, os impostos dos cidadáns teñen que repercutir neles co diñeiro dos cidadáns, Ibán Torres di que van esperar o que fai a Xunta para ver o diñeiro que fai a Xunta. Están gastando o diñeiro en asesores, o pouco diñeiro que ten España, súbese a cota aos autónomos, se o Partido Socialista está como sempre axfisiando a sociedade media. Os impostos que son necesarios deben repercutir neles, di que van votar a favor.

Intervén D. Ibán Torres di que con respecto á subvención da que fala, o que daría 60.000,00 di que están mal todos os datos. Debe revisar as subvencións que este Concello consegue para as asociacións monfortinas, as cantidades que prantexa ningunha é correcta. Di que a Xunta chega mal tarde e a rrastras, vostede chega tarde con esta proposta, vostede presenta esto desta maneira porque así pode dicir que quería facer isto e non lle deixaron. Vostede prantexa unha moción, que parece que lle está perdonando a vida a alguén, se hai algún culpable dígaos. Chega vostede tarde levamos un ano tarde, di que o equipo de goberno levan dende o primeiro día e gastando un millón de euros, vostede tardou un ano en coñecelo, a proximidade xa ve. Fala do programa de actuación é o que é, e levan gastando 1 millón de euros, di que non veñen aquí a facer populismo coma vostede.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que non ten inconveniente en cambiolo o que querían é falar do 10% dese remanente, eles non veñen a falar nin do goberno nin da Xunta de Galicia, eles veñen presentando propostas dende o mes de marzo do 2020, o que querían aquí era poñer riba da mesa e que a prioridade fose esa. Eles querían centralo en problemas de Monforte non querían facer ningunha mención nin ao goberno de España nin á Xunta de Galicia. Eles estaban buscando reactivar a economía.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle que no Goberno do Estado non hai tantos asesores non so o goberno do Estado aumenta en ministerios a Xunta de Galicia tamén aumenta en consellerías.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con doce votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

13ª.- MOCIÓN DO BNG PARA REDUCIR O 10% O IVE DOS SALÓNS DE PEITEADO, ESTÉTICA E BARBERÍAS, NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor de D. Emilio José Sánchez Iglesias e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Transcríbese a proposta da moción:

“O Concello de Monforte de Lemos insta ó Goberno do Estado, para que aprobé a baixada do IVE ao tipo do 10% para os salóns de peiteado, estética e barberías”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que dos sectores están pasando unha situación complicada esta sería unha axuda isto foi un promesa que fixo Sr. Rajoy e non se fixo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar a favor xa que é un momento non so as perruquerías habería que pensar en moito máis, fala dos artigos sen gluten levan quince anos esperando por iso.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van apoiar esta iniciativa. Di que eles son partidarios o tema do IVE fose de forma distinta e ao mellor poder eximir do le actividades profesionais que son importantes para os profesionais.

Intervén D. Ibán Torres di que van propoñer unha enmenda de engádeda que sinala “solicitar ao goberno de España a realización dun estudo da repercusión da baixada neste sector, apoiar a este sector”.

Di que esta moción foi debatida no goberno da Xunta. Son os Concellos os que etán rebaixando os impostos, por iso hai que demandar da administración autonómica que baixe os impostos, pasando do 10% ao 21% foi o goberno. Agora o goberno de España está estudante a súa viabilidade, e eles non van cambiar de criterio. O PP foi quén máis subiu os impostos na democracia. Di que esta situación e pandemia está afectando moito a este sector. Cren que tiñan que dirixirse ao goberno do Sr. Feijoo porque as medidas que están tomando da Xunta son insuficientes para este sector.



Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que aquí se a enmenda vai apuntarlle ao segundo punto reclamar ao goberno da Xunta, si que o van aceptar o primeiro punto porque non é unha engádeda é unha substitución en toda regra e non o van aceptar.

Intervén D^a Katherinie Varela di que eles apoian a moción en cuanto á enmenda entende o que di D. Emilio, onde se requira a Xunta de Galicia as deducións fiscais. Di que parece que lle queren quitar responsabilidade ao goberno central, que se lle pida algo ao goberno da súa cor, non pasa nada. Fala de que se animen a votar a favor unha medida que é positiva.

Intervén D. Iban Torres di que si aceptan a modificación do punto 2 votarían a favor.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aceptan o segundo punto da enmenda, que se faga.

Sometido o asunto a votación co punto 2 da enmenda do PSOE, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

14^º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA ACORDAR QUE O CONCELLO LEVE A CABO MEDIDAS DE AXUDA Ó AUTÓNOMO E A PEQUENA EMPRESA DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

“. Que se proceda a exención de todos aqueles impostos que repercutan nunha actividade económica na cidade polo menos durante todo o ano 2021: desde a taxa de terrazas ou o lixo, ata o IBI e o IVTM sempre que estén ligados a unha actividade económica.

. Que se volva a emitir unha bolsa de axudas directas para, sobre todo, aqueles negocios pechados por esta situación, así como outros afectados pola mesma aínda que poidan permanecer abertos. “.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherine Varela dando lectura a moción presentada. O primeiro peche de negocios que se fixo foi o da hostalería, os expertos sanitarios coinciden en que os sitios pechados onde hai unha relaxación das medidas hai máis



contaxios, independentemente de que gusten máis ou menos. Di que xa dixeron en diferentes ocasións, toda a Corporación ao final se preocupan polos cidadáns, fala do medo instaurado entre a xente de Monforte, sae menos relacionase menos. Todo isto é unha realidade, os Concellos teñen cartos onde se aforrou moitísimo e os pode gastar sempre e cando xustifique o gasto, por iso trae este tipo de mocións, a administración local non pode mirar cara outro lado, tendo en conta o remanente que ten este Concello. Cren que se pode realizar este sacrificio, se queren decidan como fan as súas contas, pero a súa preferencia é a exención.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o peche perimetral do Concello e o peche da hostelería di que é algo que non se entende. Dende o BNG di que é o momento de establecer as axudas directas, di que é a iniciativa do BNG do mes de novembro, polo tanto di que van votar a favor. Di que xa saben que a Xunta ten as súas competencias, cada un ten que axudar na medida do posible, é certo que dende o Concello de Monforte xa se diron axudas, cren que aínda se pode facer máis manifestando que é algo no que deberían estar todos de acordo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que eles van apoiar esta iniciativa. Di que saben que o goberno dar unha serie de axudas, e neste caso estase a falar do Concello non lle parece populista que se fale do Concello, di que isto é unha economía circular. Calquera axuda lles parece pouco, ninguén lle vai marcar a axenda ao equipo de goberno, o seu sería por encimar polo que eles cren que é prioritario, que é a xente.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a moción está prantexada xustificante ao revés as competencias de comercio son exclusivas da Xunta de Galicia. Fala o Concello de Monforte foi o primeiro de axudar, son os que máis axudaron, os Concellos do PP non fixo nada e a Xunta só ofrece créditos que hai que devolver. O Sr. Feijoo pechou a hostelería sen alternativa algunha, a propia Xunta pón na súa publicidade que gastou 160 millóns, onde se meteron os 64 millóns restantes, 400.000 millóns de euros do Estado e a Xunta fala dun Plan de 75 millóns de euros, onde está o resto. Non marea a perder non nos queiran enganar, que dean as axudas canto antes, a cidadanía as necesita, porque o Estado xa lle deu os cartos, non pretendan desviar a atención, este Concello xa deu axudas, incluído medio millón de mascarillas. O alcalde xa anunciou que dará axudas directas despois de que a Xunta anuncie as súas axudas. Di que van votar en contra da moción por oportunista, por falla da verdade, non aporta nada e o que pide xa se fixo. A cidadanía non se merece o trato que vostedes lle dan.

Intervén D^a Katherinie Varela dille ao Sr. Torres di que ten un pouco de resquemor por non ir á Xunta de Galicia como deputado, di que ela non é Feijoo nin se está nunha sesión de xestión ao goberno. Di que lle trasladará para que lle contesten dende o goberno da Xunta, aquí quén fai oposición son eles, vostedes defiendan as súas xestións o seu remanente, o que crean aquí é o do remanente que ten este



Concello. Traian unha moción dirixida á Xunta, onde digan o que queren, porque esta agora é todo dicir todo falar, o de desviar a atención, vostedes tamén son expertos, é máis, cada vez que lle piden algo o desvían cara á Xunta, entende que era non falou do medio rural, falou do sector primario, di que acaba afectando a quén elabora ao produto. No medio rural estea o sector primario iso é outra cousa, sempre buscan responsabilidades na Xunta como fan sempre. Un xestor ten que traballar en función do quén con responsabilidade.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias di que é certo menos contacto social, menos contaxios, hai que saber onde xse pode poñer a economía, quixeron salvar o Nadal, e despois provocouse unha terceira ola de magnitudes impresionantes, cantas mortes costou intentar salvar o Nadal. Porque aquí se están pasando a pelota e el como non ten nada na festa, o Concello de Monforte sabemos que deu axudas, pero se pode facer algo máis por iso se pide. Se eles estiveran no goberno o farían así. Todo o que sexa axudar benvido sexa na medida do que se poida e o Concello ten posibilidades, aquí non se fala de quén o pida, trátase de que cheguen as cousas á cidadanía. En Monforte o motor é a hostelería, entón que se axude na medida do posible.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo ao fío que dixo D. Emilio, se agora Feijoo porque ven tarde, que ía sacar unha axudas, se o Sr. Feijoo tarda seis meses en sacar as axudas, vostedes van estar meses parados co remanente, iso é o que queren contarnos. Cando pechen os hostaleiros, a quén lle importa quén foi, as cousas que non son serias hai que poñerlle a mesura. Non é serio que vostedes estean esperando, que pasa se el o fai mal vostedes o van facer mal. A qué están esperando? Pois digan que o fai moi mal e vostedes fagan ben.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as competencias as ten quén a ten.

Intervén D. Ibán Torres dille a D^a Katherinie que se siga escudando no mesmo. Empezamos a pensar que as competencias están regladas pola lei. Si que van axudar aos cidadáns. Claro que o rural está no sector primario. Cando se pechou a hostalería polo goberno central, pero había ertes, e agora o Sr. Feijoo fixo o mesmo e non axudou nin ao primeiro. Dille a D. Germán que vostedes é un populista, vostede ten a pel moi fina, a el non lle gusta que está de coña, non toma de coña sabe moi ben do que está a falar, están aquí falando do que lle toca a cada un, di que se levan gastando 1 millón de euros dentro das capacidades do Concello, non poden asumir as competencias da Xunta de Galicia, o que está dicindo que o Sr. Feijoo e o PP abandonou a este Concello. O que se pide aquí é unha tomadura de pelo, o Sr. Feijoo ten que cumprir coas obrigacións que ten.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo o que se pide na súa moción, dicindo que todas as administracións teñen que arrimar o lombo. Se se cree que non se está facendo ben pois hai que traer mocións ao pleno. Se eximan eses impostos nas



actividades económicas de Monforte e unha bolsa de axudas aos sectores máis desprotexidos.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

15º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL NA PRAZA DA ESTACIÓN.

O ditame é favorable á moción, con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- “. Que se mellora a sinalización vertical e horizontal da praza da estación.*
- . Que se apliquen as medidas necesarias para a redución da velocidade no tramo da rúa Rosalía de Castro máis próximo a Plaza da Estación.*
- . Que se estudie a posibilidade de implantar sinalización luminoso. ”*


De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a moción presentada comentando que é clara e moi escueta.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que a zona da estación está en decadencia, é unha zona onde o tráfico é abundante. A praza non é do Concello, será nas inmediacións da praza, di que todo o que sexa mellorar o tráfico rodado e a seguridade vial. Di que nesa zona se hai que mellorar a seguridade, sempre previa informe da policía local, se realmente o informe merece que hai que mellorar esa seguridade vial, que se faga, amosa o seu voto a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o voto a favor, dicindo que xa o pediron a nivel global, dicindo que recibiron unha pobre resposta do voceiro. Se hai un informe policial perfecto, e se se pode reducir a velocidade, se se pode iluminar máis tamén, van estar de acordo en todo o que repercute na cidadanía van ter sempre a Esperta Monforte apoiando.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que o día que presenten unha proposta con datos certos o van celebrar. A praza soamente ten unha entrada e saída, é unha pena que no coñeza onde empeza e onde remata. Fala de que hai unha glorietta, consultada á Policía Local a sinalización é adecuada. Di que no Concello non existe ningunha queixa que varíen as sinais, a falla de datos que o corroboren. Di que para eles é bastante máis funcional como está, realmente esta proposta non se axusta á realidade. Amosa o voto en contra a esta iniciativa.



Intervén D^a Katherinie Varela di que sempre que traen iniciativas fan reunión previas cos cidadáns de Monforte. Di que cando cre que isto non existe, para que teñan máis efecto teñen que realizar unha queixa por escrito. Fala que igual está mal redactada a moción, pode dar lugar a falar da praza da estación, a que non foi rigurosa foie la, sinte a confusión, o que é o ofndo da moción é claro, son esas tres rúas que confluén, coa Rosalía de Castro, o stop non se ve, non se descarta a sinalización de sinais luminosas son semáforos, a eles lles parece importante traen isto para revisar como está os sinais de tráfico.

Intervén D. Ibán Torres ensina fotos na rúa Coruña, paso de ceбра e stop, rúa concepción Arenal paso de ceбра e stop, rúa Rosalía de Castro, paso de ceбра e stop saída da Estación, paso de ceбра e stop. Sinala que non sabe que sinalización falta aquí, di que falta rigor. A praza da estación é do ADIF.

Intervén D^a Katherinie Varela di que non quere facer modificacións na praza da Estación, di que todos entenden o fin da moción, di que as fotos que ensina non son suficientes. Fala da opción de poñer semáforos, non ensinou fotos da rúa Rosalía de Castro, porque non se respecta o do aparcamento, ten dobre sentido.

Intervén o Sr. Alcalde dicidnoq eu o Sr. Ibán ten a foto que vostede di. Confluén cinco unha das entradas que vostede di é de saída.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

16º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de datas 21.01.21, 26.01.21 (2), 02.02.21 e 12.02.21) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.- Rogo Esperta Monforte relativo á revisión dos protocolos de instalacións deportivas.



.-Pregunta Esperta Monforte relativa ao tren hotel a Madrid e Barcelona ¿Qué está a facer o Concello para que se restablezan estas liñas?

Resposta o Sr. Alcalde respecto ao rogo todas as decisións en relación coas instalacións de protexidas son en consonancia coa Xunta de Galicia, o técnico se encarga de que cada vez que sae algo se modifica, conforme á normativa da Xunta. En relación coa pregunta este equipo de goberno se fan xestións co ADIF para ter o servizo ferroviario posibles, tanto de continuidade de melloras, supresión de pasos a nivel, etc, etc.

.- Rogo BNG relativo á limpeza das estradas de titularidade municipal. Que o goberno municipal elabore un plan de limpeza da rede viaria municipal que permita levar a cabo a adecuación das beira vías.

.- Pregunta BNG relativo ao arranxo do acceso rodado a probeiros. ¿Está o arranxo destes accesos entre as obras que o equipo de goberno ten pensado executar en breve?

Resposta o Sr. Alcalde en relación co rogo, di que nunca se fixo unha limpeza tan grande de cunetas como agora, pode quedar algunha pero cando chove moito. Sinala que xa se limparon e seguirán limpando.

En canto á pregunta dicir que efectivamente Probeiros se está facendo alí o local social moi demandado polos veciños, tamén se utilizan eses remanentes para mellorar as pistas, non son hai esas dúas pistas en probeiros, hai máis, a de Camporrío ten algún fochanca pero está en bo estado, hai algunha que non cita aquí está moitísimo peor que esas que vostede cita, pero que se van arranxar. Se melloran todas as pistas da parroquia de A Parte, durante este ano.


.- Preguntas do Partido Popular

1.¿Qué actuacións está levando a cabo o equipo de goberno para solucionar o problema das choivas no campo da feira nos derradeiros días?

2. ¿Por qué o Concello non valorou cambiar a data tralas protestas dos opositores prazas da Policía Local?

.-Rogo do Partido Popular

Que o alcalde inste á Deputación a deixar solucionados os problemas de cafetería de este embarcadorio e sacar o concurso da xestión para esta tempada do 2021.



Resposta o Sr. Alcalde en relación co rogo tan pronto se poda se abrirá esa cafetería e se fará como é debido. A cafetería non ten nada que ver coas viaxes en catamarán, di que eles están legalizando eso que levaba 40 anos sen legalizar, tanto o edificio como o saneamento e iso leva consigo moitas autorizacións.

En canto coa pregunta do campo da feira, dicir que houbo unha avería co motivo da choiva, reparar é complicado ata que se reduza a presión da auga e as condicións climatolóxicas o permitan ser farán os arranxos.

En canto á pregunta da Policía Local, porque non se cambiou, porque non cambia a Xunta, son convocatorias independentes. Fala vostede de protestas, di que o Concello non se guía polas queixas promovidas polas academias, hai algunha academia que se adicou se impulsar protestas. Da lectura a un informe da Secretaría relativo a este tema. Fala que ten un escrito da Valedora do Pobo, que algún dos que protestaron diante da Valedora nin sequera se presentaron ás probas. Di que se actou conforme á lei.

Non habendo máis asuntos a tratar, sendo as once horas e quince minutos do expresado día, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pr.
O ALCALDE